

---

# VIGO.

## PAISAXES DOUTRA ÉPOCA

A CIDADE COMO ESTAMPA. 1830-1930

### Organiza

#### CONCELLO DE VIGO

Abel Caballero Álvarez  
*Alcalde de Vigo*

Cayetano Rodríguez Escudero  
*Concelleiro da Área de Cultura,  
Festas e Museos*

Jesús López Moure  
*Xefe do Servizo de Xestión  
e Promoción Cultural*

Ignacio Oliveira López  
*Xefe do Servizo de Museos Municipais*

#### PROMOCIÓN E XESTIÓN

Concellería de Cultura, Festas e Museos  
Concello de Vigo. Servizo de Museos Municipais

#### DIRECCIÓN TÉCNICA

José Ballesta de Diego  
*Director do Museo municipal de Vigo  
"Quiñones de León"*

Pilar Egea Torrón  
*Técnica de recursos e programas do  
Museo municipal de Vigo "Quiñones de León"*

#### COMISARIADO E DESEÑO DO PROXECTO

José Ballesta de Diego  
Beatriz Liz de Cea

#### DOCUMENTACIÓN

Beatriz Liz de Cea

#### RESTAURACIÓN

María Rosa Seoane Gámez

#### DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

Huecocreativo - Carlos Aldao

#### MONTAXE

Osigal

#### FOTOGRAFÍA

Ignacio Pazos Otero

#### IMPRESIÓN

2deRotulación  
Ecovigo publicidade



**REDE DE MUSEOS  
CONCELLO DE VIGO**  
Pinacoteca Fernández del Riego

**CONCELLO  
DE VIGO**





# VIGO. PAISAXES DOUTRA ÉPOCA

A CIDADE COMO ESTAMPA. 1830-1930



A RIBEIRA DO BERBÉS (*detalle*)  
Juan Martínez Abades, 1892

Do 16 de xullo  
ao 27 de setembro do 2015

Pinacoteca  
Fernández del Riego

CONCELLO  
DE VIGO





**PRAZA DA CONSTITUCIÓN**  
J.J. Forrester (debuxo). Ca. 1835

Day & Son (gravado), 1848

Litografía/papel  
43,5 x 34,5 cms

Colección Museo Municipal  
de Vigo "Quiñones de León"

---

# VIGO. PAISAXES DOUTRA ÉPOCA

---

A CIDADE COMO ESTAMPA. 1830-1930

“Art, glory, freedom fail, but the Nature still is fair”

“A arte, a gloria, a liberdade fracasan; mais a natureza permanece sempre fermosa”

Lord Byron

Presentamos nesta mostra unha breve selección de obras de arte cuxo tema é a cidade de Vigo e a súa contorna entre, aproximadamente, os anos 1830 e 1930. Obras na súa maioría de autores practicamente descoñecidos polo gran público con vistas e paisaxes que tampouco resultaranos doadas de identificar de tanto como transformou a cidade no seu desenvolvemento.

A vista máis antiga é un valiosísimo documento para a historia local. Trátase dun gravado publicado en 1848, feito a partir de debuxo realizado polo, célebre en Portugal, **Barón de Forrester**. Representa a estampa un día de feira na Praza da Constitución, coa variada veciñanza que concorre a ela: vendedoras, campesiños, frades franciscanos, etc... “tipos” populares vigueses de hai case douscentos anos!. Contemporáneos a Forrester son, o tamén inglés **George Vivian** que inclúe a Vigo no seu “tour” ibérico e nos seus álbums de estampas “*Spanish Scenery*” (1838) e “*Scenery of Portugal & Spain*”(1839); e o autor dun gravado anónimo. Máis que pola cidade en si, os artistas parecen quedar abraiados polo seu fastuoso emprazamento: a nosa ría.

Sorprende comprobar que estas primeiras representacións plásticas da cidade pertencen a artistas foráneos. Na segunda metade do século XIX os españois Francisco Pradilla -que casa cunha viguesa-, Joaquín Araujo, Tomás Campuzano ou Juan Meléndez, pintana e lévana a estampa en revistas ilustradas da época. Destes artistas que nos visitan, destaca o gran *plenairista* asturiano **Martínez Abades**.

A el pertencen os cinco enormes lenzos que vemos na sala, obras todas elas dunha grande calidade tanto pola captación dos efectos atmosféricos dos que é pródiga a nosa ría como por esa certa sutil melancolía que desprenden os cadros.

Con todo moitos destes autores máis que a paisaxe buscan a captura do “pintoresco”. E neste xénero un tema é o seu predilecto: o Berbés, ese máxico recuncho cuxo pórtico teatral é a súa ringleira de soportais de pedra, cada vez máis lonxe da area. **Luis Maristany**, **Gil de Vicario**, ou o vigués **Pereira Borrajo** son só algunhas das últimas tementuñas desta escena, xa no século XX.

Se algún artista vigués tivo proxección en Europa no marco temporal do que falamos, ese foi Serafín Avendaño. Con todo na mostra preferimos deixarlle espazo a ese outro pintor, solapado e esquecido, que foi o seu irmán, **Teodomiro Avendaño**. Poucas son as obras que coñecemos directamente da súa man, máis en todas elas, observamos unha particular sensibilidade “romántica” que merecería ser obxecto de pomenorizada atención.

Para rematar, unha ollada ao interior. O pintor e cartógrafo catalán **Jaume Palmarola** visita a cidade a comezos do século XX, onde produce algunhas vistas do val de Frago, probablemente por encargo. Delas o museo conserva unha tomada desde o xardín do Pazo de Pastora de xeito que permite albiscar ao lonxe o veciño Pazo de Castrelos, actual museo municipal.

José Ballesta de Diego  
Beatriz Liz de Cea

---

# VIGO. PAISAXES DOUTRA ÉPOCA

---

A CIDADE COMO ESTAMPA. 1830-1930

Pinacoteca Francisco Fernández del Riego

Rúa Abeleira Menéndez, 8. Vigo

16 de xullo do 2015 – 27 de setembro do 2015

De martes a venres (laborais): 18.00 - 21.00h.

Sábados: 12.00 - 14.00h. e 18.00 - 21.00 h.

Domingos e festivos: 12.00 - 14.00 h.



**REDE DE MUSEOS**  
**CONCELLO DE VIGO**

Pinacoteca Fernández del Riego

**CONCELLO**  
**DE VIGO**



---

JUAN MARTÍNEZ ABADES  
(Xixón, 1862 - Madrid, 1920)



Estuda na Escola Superior de Pintura de Madrid. En 1887 debuta como marinista, con gran éxito, e un ano máis tarde é pensionado pola Deputación de Oviedo para completar a súa formación en Roma.

Coas súas obras *Viático a bordo* (1890) e *O enterro do piloto* (1892) obtén medallas na Exposición Nacional de Belas Artes converténdose nun dos máis célebres *marinistas* de finais do século XIX.

Aínda que tamén fixo figuración Abades consagrou a súa carreira á paisaxe, especialmente ás mariñas. Realizaba incontables estudos do natural, de feito que decíase que o mellor obradoiro do pintor era *“la barca del pescador que espera cantando el día”*.

Desde Xixón, onde pasaba os veráns, achegábase frecuentemente a Santander e a Galicia para tomar apuntes do natural.

Temos documentado o encargo de sete grandes lenzos por parte do Círculo Recreativo Ximnasio de Vigo para decorar a súas estancias. Con probabilidade cinco destes son os que na actualidade se atopan no museo municipal. Están datados todos en 1892 agás un de 1896, e amosan con extraordinario oficio, vistas desaparecidas da Ribeira do Berbés, a praia do Areal, e o antigo peirao de pedra, de xeito que con elas, en gran formato, ábrenos unha ventá excepcional ao pasado da cidade.

---

BENIGNO PEREIRA BORRAJO  
(Vigo, 1874-1961)

Dende moi cedo, Pereira Borrajo manifestou gusto pola pintura. Expón por primeira vez no ano 1897 e tres anos máis tarde xa obtén as mellores críticas, de xeito que en 1902 é pensionado polo Concello de Vigo para estudar en Madrid onde se converte nun dos discípulos predilectos de Joaquin Sorolla. A partir de entón, Pereira Borrajo estará presente nas Exposicións Nacionais de Belas Artes nas que obtén mencións honoríficas nas edicións de 1904, 1906, e 1908.

Durante este tempo o pintor non se desvencella da súa cidade natal. Sabemos que expón na Escola de Artes e Oficios en 1907 e que concorre aos concursos de carteis das festas da cidade obtendo un segundo premio en 1910, e o primeiro nos dous anos seguintes.

En 1912 o pintor parece retirarse do panorama artístico e levar a súa labor pictórica ao ámbito privado. Dese ano é un cadro titulado “Ribeira do Berbés” que presenta na exposición do Centro Galego de Madrid. Consideramos que se trata da obra que se mostra na sala e corroboraría este dato o feito de que o cadro ingresa nas coleccións do museo, dentro do Legado Policarpo Sanz, da man da súa viúva D<sup>a</sup> Irene de Ceballos, moi vinculada ao mencionado Centro Galego da capital española.

---

LUÍS MARISTANY DE TRIAS  
(Barcelona, 1885 - Porto Alegre, 1964)

Fillo e neto de homes de mar, poderíase dicir que o catalán Maristany levaba o mar na súa xenética o cal vai inclinalo, indubidablemente, polos temas mariños.

Estuda na Academia de Belas Artes de Barcelona e tras percorrer Europa e América do Sur, recalca en 1906 na cidade de Bos Aires. Regresará a España vinte anos máis tarde cun encargo moi especial: recoller “vistas de Galicia” para a colonia galega en Arxentina. En 1927 o pintor chega a Vigo “*en las postrimerías del invierno, bajo un cielo hostil, llovía, hacía frío...*”; mais, xa instalado nun balcón do Berbés pronto reconciliase co noso medio, coa nosa atmosfera, pasando ao lenzo o movemento intenso da Ribeira. Desta época é o seu destacado cadro “*Volta da pesca*”, adquirido pola Cámara de Comercio da cidade na mostra presentada no salón do xornal Faro de Vigo.

En 1930, animado polo éxito de vendas da súa anterior estancia, Maristany retorna a Vigo, coa súa dona, tamén pintora, e a súa filla. Chega co mesmo encargo que o trouxera por vez primeira aínda que nesta ocasión, decide quedar máis tempo. No salón do Real Club Náutico presentará as súas mariñas galegas en mostras conxuntas coa súa dona. Desta exposicións procede a obra “*Dársena do Berbés*” que vemos na sala.



---

LUÍS GIL DE VICARIO  
(Burgos, 1900 - Barcelona, 1959)



“¿SI NO FUERA PINTOR QUE QUERRÍA SER? PUES NAVEGANTE ¡ME ENTUSIASMA EL MAR!”

Un dos máis interesantes artistas, e gran descoñecido da colección municipal, é este pintor autodidacta que irrompe no panorama artístico en Murcia como ilustrador e cartelista

O seu primeiro achegamento a Galicia prodúcese da man do vigués Ribas Montenegro, a quen coñece en Madrid. Mais á Vigo non chega ata 1928 cando obtén o primeiro posto como profesor auxiliar de debuxo no seu Instituto. Desde a súa chegada o pintor arraiga fortemente na cidade. Casa cunha viguesa e participa activamente no panorama cultural deseñando ilustracións para novelas, revistas e diarios como como Vida Gallega, Faro de Vigo ou El Pueblo Gallego.

En 1937 un expediente de depuración franquista suspéndelle da docencia durante un ano, decidindo marchar á Barcelona onde Gil de Vicario residirá ata a súa morte.

O artista, nas súas propias palabras, consideraba o Berbés coma unha “*cantera inagotable de motivos. De cualquier lado que se mire*”. A obra que vemos na sala foi presentada nunha exposición celebrada no salón do Faro de Vigo no ano 1931.

---

JAUME PALMAROLA I TRULLS  
(Roses, 1866 - 1931)

Cartógrafo de profesión para a Mariña española, Jaume Palmarola formouse na Academia de Belas Artes de Mallorca.

En 1904 constatamos a súa presenza en Vigo onde se instala e eventualmente exerce como docente na Academia Minerva.

É activa a súa participación na escena cultural da cidade con frecuentes colaboracións nas sociedades e prensa da época.

En 1911, pouco antes do seu traslado a Ferrol, celebra no Círculo Mercantil unha exposición con 53 obras. Catro delas son vistas dos arredores de Vigo e probablemente, ésta que presentamos, “Val de Fragoso”, sexa unha delas.

Está pintada desde os xardíns do Pazo da Pastora. Concretamente desde o chamado “Xardín do Conde” de xeito que permite ver, en primeiro plano, o antigo estanque da finca; e, tralo muro, a un lado, a igrexa de Santo Tomé de Freixeiro e, ao fondo, á esquerda, o Pazo de Castrelos, actual museo municipal.

A relación cos Ozores, propietarios do Pazo da Pastora, debeu ser estreita se consideramos que Palmarola pintou, pola mesma época, o cadro titulado “*Os primoxénitos do Condado de Priegue*”.

---

## VISITANTES INGLESES NA BAÍA

Durante o século XIX, España é destino favorito dos pintores británicos. Nos tempos do romanticismo o país ofrecíalles o exotismo e a autenticidade que tanto prezaban.

Entre os precursores están o escocés David Roberts, J. F. Lewis ou George Vivian.

Visitan o noso país na década de 1830, captan os lugares máis emblemáticos e difunden en estampa as súas creacións con éxito notable. De feito, ata o punto de ser considerados como os creadores da imaxe romántica e pintoresca de España alén das nosas fronteiras.

De Vivian presentamos na sala dúas estampas (orixinal e reprodución). Acompañámolas dunha tinta orixinal de autor anónimo, interesante polo propio debuxo -un recuncho da ría talvez do fondo da enseada, en Redondela- e polo seu expresivo texto, encabezado por un cita das “Peregrinacións de Childe Harold” de Lord Byron.

*“Fracasan a arte, a gloria, a liberdade, mais a Natureza permanece sempre fermosa”*

---

GEORGE VIVIAN  
(1798 – 1873)

George Vivian (1798 – 1873) foi pintor, coleccionista e importante autoridade nas artes do seu tempo. Membro da influente *Society of Dilettanti* londinense, participou na *Royal Comission* encargada da reconstrución do Parlamento de Westminster en 1835.

Entre 1820 e 1850 viaxará por Europa (Grecia, Albania, Italia, Escandinavia, Rusia), visitando Portugal e España os anos 1833 e 1837.

Durante a viaxe, Vivian toma apuntes a lapis –un dos seus cadernos orixinais atópase na Biblioteca Nacional– para logo transformalos en debuxo final, listo para impresión e venda.

Os gravados vigueses aparecerán nos albums “Spanish scenery” (1838) e “Scenery of Portugal & Spain” (1839).

A baía de Vigo aparece no primeiro. A cidade vista desde o mar no segundo, xunto a unha vista de Redondela e outra de Tui desde Valença.

Na vista de Vigo, apunta Vivian, “*o convento de San Francisco e o castelo forman os principais obxectos da escena*” e, aínda que poidan parecer nos sobredimensionados, dinos o pintor que na realización dos debuxos “*observouse unha fidelidade estricta en delinear a cara do país, os seus edificios e producións*”.

---

## ILUSTRACIONES, ESTAMPAS


“La Ilustración Americana y Española” foi unha das publicacións de maior éxito en España na segunda metade do século XIX. Publicada en Madrid, prestaba atención especial ao apartado gráfico ofrecendo aos seus lectores ampla variedade de estampas sobre o país xunto con información sobre política, arte, literatura, ciencia ...

A calidade dos seus gravados foi recoñecida na Exposición Universal de Filadelfia de 1876.

A cidade de Vigo - vistas e paisaxes, tipos pintorescos, acontecementos de relevo...- aparecen con relativa frecuencia na publicación mediante gravados de debuxantes como Teodomiro Avendaño, Francisco Pradilla, Ventura Ruiz, Manuel Nao, José Riudavets, Juan Meléndez, Joaquin Araujo, ou Rafael Monleón. Moitos destes artistas colaboran tamén coa “La Ilustración Gallega y Asturiana”, revista decenal ilustrada, dirixida por Manuel Murguía, editada en Madrid entre 1878 e 1882.

---

FRANCISCO PRADILLA  
(Zaragoza 1848 – Madrid, 1921)



A vinculación do pintor con Galicia e Vigo, foi moi estreita.

Chega a Galicia en 1873, e en Vigo, coñece a Dolores Gonzáles Villar, con quen casará cinco anos máis tarde. E na súa estadía na cidade realiza diferentes debuxos tomados do natural, entre eles, a “Ribeira do Berbés”, co que gañará o Certame artístico de

“La Ilustración Española y Americana”. Esta mesma escea trasladarásese ao lenzo, en 1916.

---

TEODOMIRO AVENDAÑO  
(Vigo, 1837 - Londres, 1913)

O pintor e poeta Teodomiro Avendaño é un dos personaxes máis interesantes que dá Vigo no século XIX.

Fillo do polígrafo e diplomático vigués Joaquín Avendaño, poucos datos certos temos deste artista inevitablemente solapado polo seu irmán, o célebre pintor Serafín Avendaño.

Nacido en Vigo no ano 1837, Teodomiro vivirá en Madrid desde moi novo. Segundo Murguía, da súa cidade natal apenas gardaba *“más que vagos recuerdos de la niñez que tanto tardan en borrarse”*.

Durante a súa xuventude en Madrid, Teodomiro participa activamente do círculo progresista galego que na casa paterna ten un dos seus baluartes. Con Murguía, Alejandro Chao, Juan Compañel e o seu irmán Serafín, conformará o que algúns denominan “Grupo Borrasca”.

A súa actividade artística na capital tamén é intensa. É parte da chamada “Escola de Acuarelistas” -que co tempo dará lugar a creación do Círculo de Belas Artes- e da que tamén son membros os irmáns Bécquer, Gustavo e Valeriano. *“Pintor muy conocido en Madrid por su aventajado talento”*, di de Teodomiro, o seu contemporáneo, o historiador galego Fernando Fulgosio.

Desde 1862 observamos que o pintor emprende unha ascendente carreira como diplomático. Nese ano está destinado como vicecónsul en La Goleta (Túnez); despois en Cardiff (1864); El Havre (1869); París (1873); e Londres (1875 a 1885).

Pese á distancia Teodomiro non esquece Vigo e temos documentada unha visita á casa familiar de A Barxa, en Teis, ao menos en 1872.

É nesta visita cando pinta a cidade. A acuarela orixinal “Vista de Vigo” que presentamos na sala é dese ano. E tamén, con probabilidade, outras que reproduciranse en anos posteriores en revistas ou xornais como “La Ilustración Española y Americana”, “El Globo” ou “La Ilustración Gallega y Asturiana”.

Murguía ofrece un retrato evocador de Teodomiro cando dí que *“un temperamento bilioso daba, con las involuntarias tristezas, la eterna palidez de su rostro»*.

Morre en Londres en 1913 onde está enterrado.

---

JOSEPH JAMES FORRESTER  
(Reino Unido, 1809 - Portugal, 1862)



Joseph James Forrester (1809–1862), baron de Forrester en Portugal, naceu en Hull (Reino Unido).

De ascendencia escocesa, trasládase a Porto en 1831 para unirse a firma de comerciantes de viño Oftley, Webber & Forrester. Como viñateiro, involucrouse profundamente no mantemento dos estándares do viño de Oporto e no aumento da súa popularidade en Inglaterra.

Para o estudo da mellora da navegabilidade do Douro, percorre completamente o río e publica en 1848 o mapa ilustrado “*The Portuguese Douro and the Adjacent Country and So Much of the River as Can Be Made Navigable in Spain*”.

En 1835 Forrester xa amosara as súas habilidades como debuxante na serie de litografías *Portuguese Scenery with Illustrative Notes*. O seu debuxo de Vigo datámolo arredor deste ano. Publicouse como estampa en 1848 e representa un valiosísimo documento para a historia local en tanto que podemos acharnos ante a primeira representación de vida cotiá da cidade.

É unha vista da praza da Constitución nun día de mercado. Ademais da fiel representación da arquitectura da praza, Forrester e quen de captar con minuciosidade os variados tipos humanos que concorren a feira, deténdose en cada detalle das vestimentas, as accións ...

Posteriormente interesado na fotografía, Forrester morrerá afogado no seu querido Douro o 12 de maio de 1862, o seu corpo nunca foi atopado.